

A REVOLUCIÓN FRANCESA

FACTORES DESENCADANTES

a) TENSIÓN SOCIAL E DESCONTENTO BURGUÉS

- Estrutura estamental de orixe feudal.
- **Nobreza** → Privilexios hereditarios con diferenzas
 - Alta nobreza de Corte.
 - Nobreza provinciana.
 - Nobreza dos parlamentos.
- Recursos: rendas da terra, dereitos sociais e servizos ao Estado.
 - ↳ Tamén negocios mercantís, minería e incipiente industria.
- Crecente oposición:
 - do Terceiro Estado
 - “Reacción aristocrática”
 - “Reacción señorial”
- **Clero** → Diferenzas entre alto e baixo clero.
 - Ingresos: décimos, terras.
 - Aliados da monarquía absoluta
 - Ilustración: desmitificación do dogma
 - Utilidade en educación, sanidade, beneficencia e rexistro parroquial.
- **Terceiro Estado** → Burguesía, campesiños e *menu peuple*
 - Diferentes preocupacións
 - Descontento urbano: motíns contra acaparadores.

b) CRISES DE SUBSISTENCIA E DIFICULTADES ECONÓMICAS

- Estrutura económica propia do Antigo Réxime ⇒ crises de subsistencias.
- Escaseza de alimentos ⇒ revoltas e motíns.
 - 1789: Subida do prezo do pan.
- Sector industrial e comercial → Escasas innovacións no interior.
 - Dominio británico na importación de manufacturas.

c) CREBA FINANCEIRA DO ESTADO

- Gastos excesivos (guerra, débeda pública, Corte).
 - reparto de impostos desigual.
 - deficitario sistema de recadación.



Necesidade de suprimir os privilexios fiscais.

d) A ILUSTRACIÓN

- Difusión do pensamento ilustrado nos clubs e sociedades
- Influencia da independencia norteamericana.

e) INSUFICIENTE RESPOSTA POLÍTICA

- Intentos de reformar o sistema impositivo ⇒ Reacción dos grupos privilexiados.
 - Turgot, Calonne e Brienne propoñen que os privilexiados paguen.
 - ↳ Propostas rexeitadas polo rei.



Luis XVI (1774-1793)




María Antonieta

LA SOCIEDAD FRANCESA (S. XVIII)


NOBLES

- Poseían el 35% de la tierra.
- No pagaban impuestos.
- Ocupaban los principales cargos públicos.



BURGUESES

- Poseían el 35% de la tierra.
- Pagaban impuestos.
- Eran propietarios de negocios.



CAMPESINOS Y ARTESANOS

- Poseían solo pequeñas parcelas.
- Pagaban impuestos al Estado, a la nobleza y al clero.




1789

DOS ESTADOS XERAIS ATA A ASEMBLEA NACIONAL

- Convocatoria dos Estados Xerais esixida polos privilexiados
 - ↳ Negativa de Luis XVI ⇒ **REVOLTA DOS PRIVILEXIADOS**
 - Motíns desde 1787.
 - CONVOCATORIA DE ESTADOS XERAIS
- Redacción dos *Cahiers de doléances* (**Cadernos de Queixas**)
- Petición do 3º Estado de voto por cabeza non por estamento.
 - ↳ Separación do 3º Estado ⇒ **ASEMBLEA NACIONAL.**
- Xuramento do Xogo da Pelota ⇒ **REVOLTA BURGUESA**

↳ **ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUINTE** (27 Xuño)

- Principio de monarquía constitucional.
- Transformación liberal-burguesa de signo moderado
 - ↳ Conciliación aristocracia-alta burguesía.



Aquí o pobre non ten dereito a acender o lume na súa choza para poñerse ao abrigo do frío, se non o compra ben caro ao señor, por unha contribución descontada dos seus medios de subsistencia e dos da súa familia. Este dereito inhumano existe en Broues baixo o nome de **dereito de lume**. Alí o agricultor non ten nin sequera o dereito de alimentar o seu gando coa herba que medra no seu campo; se a toca, denúnciase e castígase cunha **multa** que o arruina, e o exercicio máis lexítimo dos dereitos da súa propiedade está subordinado á vontade arbitraria do señor, que ten a pretensión ao **dereito universal sobre todos os pasteiros** do territorio. Débense abolir todos os dereitos dos señores.

Cahiers de doléances, Valençay, Berry, 1789.

A Asemblea pide que sexa establecido que o terceiro estado terá nas asembleas da nación, polo menos, **tantos deputados coma as outras dúas ordes** reunidas, que as deliberacións se realizarán nas tres ordes reunidas e que **os votos serán contados por cabezas.**

O obxecto do que se deben ocupar esencialmente e en primeiro lugar é o de asegurar a Francia unha **constitución** boa e sólida que fixe para sempre e da forma máis clara posible os dereitos de trono e os da nación.

Que as leis aprobadas pola Nación reunida como Estados Xerais necesitan só a aprobación conxunta pola **vontade da nación** e a autoridade do Rei para ser válidas e obrigatorias en todo o reino.

Cahiers de doléances, Bailia de Nancy e Uchau, 1789.

ASEMBLEA NACIONAL CONSTITUINTE (1789-1792)



Xuramento do Xogo de Pelota (17 Xuño 1789)

- Paralela **REVOLTA POPULAR**

- Causas:
 - malas colleitas no campo.
 - rumores nos centros urbanos → fame e

medo.


- **14 Xullo:** Insurrección en París → O pobo busca armas por temor a un golpe contrarrevolucionario do rei.

⇒ Asalto aos Inválidos e á Bastilla.

- Creación da Garda Nacional (La Fayette)
- Revoltas por distintas rexións de Francia: “Gran Medo” (*Grande Peur*)

- Os campesiños organízanse en grupos armados polo rumor de que os aristócratas reclutan bandidos.

- Incendio dos castelos cos rexistros de rendas e dereitos feudais.



14 xullo 1789: Toma da Bastilla

Grande Peur / Gran Medo



- Problemas de subsistencia.
- Medo a ataques de bandidos (rumores).
- Temor á contrarrevolución.

Decreto de abolición do réxime feudal, 4 de agosto de 1789

- Art. 1. A Asemblea Nacional suprime na súa totalidade o réxime feudal e decreta que **os dereitos e os deberes**, tanto **feudais** coma **censitarios**, os que fan referencia á man morta real ou persoal e á servidume persoal e os que os representan, quedan **abolidos sen indemnización**, e todos os outros declarados redimibles, e o prezo e máis o xeito como se ha de facer a redención, serán fixados pola Asemblea Nacional.
- Art. 3. O **dereito de caza e de couto aberto** fican igualmente abolidos.
- Art. 4. Todas as **xustizas señoriais** son abolidas sen ningunha indemnización.
- Art. 5. Os **décimos de calquera tipo e máis os censos** correspondentes, baixo calquera denominación coa que se coñezan e perciban quedan abolidos.
- Art. 7. A **venalidade dos oficios** da xudicatura e da municipalidade suprimense desde este mesmo momento. A xustiza ten que ser gratuíta.
- Art. 11. Todos os cidadáns, **sen distinción de nacemento**, poden ser admitidos en todos os traballos e dignidades eclesiásticas, civís e militares, e ningunha profesión útil pode producir deshonra.

DECRETO DE ABOLICIÓN DO RÉXIME FEUDAL (4 agosto 1789)

- ☐ Abolición de dereitos señoriais: prestacións personais, impostos...
- ☐ Supresión de xurisdicións señoriais (fin da xustiza señorial).
- ☐ Prohibición da venalidade de oficios públicos.
- ☐ Abolición do décimo sen indemnización.
- ☐ Supresión dos monopolios señoriais.

Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, 26 de agosto de 1789



Os representantes do pobo francés, constituído en Asemblea nacional, recoñecen e declaran, baixo os auspicios do Ser Supremo, os seguintes dereitos do home e do cidadán:

Art. 1. Os homes nacen e permanecen libres e **iguais** en dereitos. As distincións sociais só poden fundarse na utilidade común.

- Art. 2. A meta de toda asociación política é a conservación dos dereitos naturais e imprescindibles do home. Estes dereitos son: a **liberdade**, a **propiedade**, a **seguridade** e a **resistencia á opresión**.
- Art. 3. A orixe de toda **soberanía** reside esencialmente na **nación**. Ningún órgano nin individuo pode exercer autoridade que non emane expresamente dela.
- Art. 4. A liberdade consiste en poder facer todo o que non dana aos demais. Os límites para o seu exercicio só poden ser determinadas pola Lei.
- Art. 5. A lei é a expresión da **vontade xeral**. Todos os cidadáns, ao ser iguais ante ela, son igualmente admisibles a todas as dignidades e sen outra distinción que a das súas virtudes e a dos seus talentos.
- Art. 11. A **libre comunicación dos pensamentos e das opinións** é un dos dereitos máis preciosos do home. Todo cidadán pode, polo tanto, falar, escribir e imprimir libremente, salvo a responsabilidade de que o abuso desa liberdade produza nos casos determinados pola lei.
- Art. 17. Sendo a **propiedade** un **dereito inviolable e sagrado**, ninguén pode ser privado dela senón cando a necesidade pública, legalmente constatada, o esixe claramente e coa condición dunha indemnización xusta e previa.

26 Agosto 1789:

DECLARACIÓN UNIVERSAL DE DEREITOS DO HOME E DO CIDADÁN

- ☐ Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos.
- ☐ Dereitos inalienables do home: a liberdade, a propiedade, a seguridade e a resistencia á opresión.
- ☐ A soberanía reside na Nación.
- ☐ A lei é expresión da vontade xeral → Os cidadáns participan a través dos seus representantes.
- ☐ Os cidadáns son iguais ante a lei e para ocupar cargos e empregos públicos segundo a súa capacidade.
- ☐ Liberdade de expresión, pensamento e relixión.
- ☐ Dereito á propiedade, agás en caso de utilidade pública (con indemnización).
- ☐ Seguridade persoal dos cidadáns: presunción de inocencia, rexeitamento de detencións arbitrarias, prohibición da tortura.

- NACIONALIZACIÓN dos bens do clero, da Coroa e dos nobres fuxidos.
- Emisión de ASIGNADOS (bonos que se utilizarían para pagar a débeda do Estado).



- Reorganización administrativa ⇒ Racionalización das demarcacións territoriais e xudiciais.

↳ **DEPARTAMENTOS (83):** circunscripción electoral, administración xudicial, fiscal, militar e relixiosa.
 ⇒ Uniformidade e igualdade.


Constitución Civil do Clero (1790)



- Supresión do clero regular pola inutilidade social.
- **CONSTITUCIÓN CIVIL DO CLERO** ⇒ División:
Xuramentados/Refractarios
 - Asimilación da administración eclesiástica á civil: funcionarios do Estado.
 - Elección popular dos cargos eclesiásticos.

Caricatura sobre o que os revolucionarios facían co “Bref du pape”

- LEI ALLARDE:
 - Supresión de corporacións e gremios
 - Prohibición de asociacións, de traballadores e de patronos.
- LEI LE CHAPELIER
 - Liberdade de traballo e libre contratación.
 - Prohibición da folga.



MONARQUÍA CONSTITUCIONAL, 1791-92


A Asemblea Nacional abole irrevocablemente as institucións que danaban a liberdade e igualdade de dereitos. Dende agora non hai nobreza nin distincións hereditarias, nin de ordes, nin de réxime feudal (...), non hai corporacións de profesións(...). A lei non recoñece votos relixiosos nin ningún outro compromiso que sexa contrario aos dereitos naturais ou á Constitución.

A Constitución Francesa, 30 Setembro 1791

CONSTITUCIÓN de 1791


- Abolición de estamentos, gremios e votos relixiosos.
- Soberanía nacional e supremacía da lei.
- Poder **executivo**: no rei (primeiro funcionario do Estado) → autoridade supeditada á lei.
 - O rei non é responsable ante o Parlamento; si o ministro
 - Declaracións de paz ou de guerra sancionadas polo Parlamento
- Poder **lexislativo**: ASEMBLEA NACIONAL unicameral.
 - Representante da soberanía nacional.
 - Iniciativa lexislativa.
 - Decisións presupostarias inapelables.
 - Dereito de VETO suspensivo do rei (por 2 lexislaturas = 4 anos).
 - Sufraxio censitario: cidadáns maiores de 25 con impostos equivalentes a 3 días de xornal.
 - ↳ Diferenza: - CIDADÁNS PASIVOS → dereitos civís.
 - CIDADÁNS ACTIVOS → dereitos políticos.
- Poder **xudicial**: Xuíces electivos e xurados de cidadáns activos.

Constitución 1791



A Asamblea Lexislativa


- Problemas internos e externos → Guerra contra potencias absolutistas.
- 10 agosto 1791: Insurrección popular (Robespierre, Marat) ⇒ **COMUNA**.



- División dos revolucionarios na Asemblea:
 - Independentes (Chaira)
 - XIRONDINOS → moderados con apoio burgués
 - CORDOEIROS → republicanos
 - XACOBINOS (Montaña) → republicanos radicais con apoio popular



- Xuño 1792: Última fuxida de Luís XVI e detención en Varennes



A I REPÚBLICA FRANCESA (1792-95)



**Robespierre
(1758-94)**

**Danton
(1759-94)**



**Marat
(1734-93)**

Luís foi rei e a república xa está constituída. Luís foi destronado polos seus crimes. Denunciou ao pobo francés por rebelde e apelou para castigalo aos tiranos dos seus irmáns. A vitoria e o pobo decidiron que soamente el sexa acusado de rebelde. Non pode, polo tanto, ser xulgado: está condenado ou a república non será absoluta.

Se Luís pode aínda someterse a un proceso, pode resultar inocente. É máis, sería ata ser xulgado. Pero se resultase absolto, se pode ser presuntamente inocente, que sería da revolución?

ROBESPIERRE, *Discurso*, 3 decembro de 1792.

❖ CONVENCIÓN XIRONDINA

- Abolición da Monarquía.
- Sublevación da Vendée (1793).
- Comités de Seguridade Xeral e de Salvación Pública (Danton).

❖ CONVENCIÓN MONTAÑESA

- Medidas favorables ao pobo: control de prezos do pan.
- Alianza cos *sans-culottes*.
- **CONSTITUCIÓN** (1793):
 - Soberanía popular.
 - Sufraxio universal.
 - A propiedade depende do interese público.
 - Ensino gratuito e obrigatorio.
- Goberno:
 - Comité de Salvación Pública.
 - Comité de Seguridade Xeral.

❖ Outubro **1793: TERROR**


- Suspensión de dereitos e da Constitución.
- Tribunal revolucionario.
- Control das provincias.
- Intervencionismo económico: prezos e salarios.
- Servizo militar.
- Novo calendario.



❖ Reacción moderada:

CONVENCIÓN TERMIDORIANA (1794-95)





Calendario revolucionario

1º día do ano: 21 de Setembro de 1792 (Proclamación da República)

OUTONO

**VENDIMIARIO
BRUMARIO
FRIMARIO**

PRIMAVERA

**XERMINAL
FLOREAL
PRADIAL**

INVERNO

**NIVOSO
PLUVIOSO
VENTOSO**

VERÁN

**MESIDOR
TERMIDOR
FRUCTIDOR**

DECRETOS DE VENTOSO

A Convención Nacional, despois de ter escoitado o informe dos Comités de Salvación Pública e de Seguridade Xeral reunidos, decreta que o Comité de Seguridade Xeral ten poder para **poñer en liberdade aos patriotas detidos**. Calquera persoa que pida a súa liberdade terá que xustificar o seu **comportamento desde o primeiro de maio de 1789**.

As **propiedades** dos patriotas son **inviolables e sagradas**. Os bens das persoas recoñecidas como inimigas da Revolución serán requisados a prol da República; estas persoas serán detidas ata que haxa paz, e desterradas despois a perpetuidade.

Tanto o informe coma o presente decreto serán enviados de contado aos departamentos, ás tropas e ás sociedades populares.

A Convención Nacional decreta:

Art. 1. Todas as Comunas da República farán a lista dos patriotas indixentes da súa demarcación, cos correspondentes nomes, idade, profesión, e o nome maila idade dos seus fillos. Os directorios dos distritos farán chegar estas actas ao Comité de Salvación Pública.

Cando o Comité de Salvación Pública reciba estas listas, fará unha relación dos medios necesarios para indemnizar a todos os infortunados cos bens dos inimigos da Revolución, a partir da lista que lle terá presentado o Comité de Seguridade Xeral, que será feita pública.

DIRECTORIO (1795-1799)

1795: CONSTITUCIÓN

→ Lexislativo bicameral:- Consello dos 500

- Consello de Anciáns



Sufraxio censitario indirecto

→ Executivo: Directorio (5 membros)

(nomeado polo C. Anciáns sobre lista elaborada polo C. dos 500)

- Sublevacións dos *sans culottes* → Reprimidas por Napoleón Bonaparte.
- 1795-96: *Conxura dos Iguais* (Babeuf) → Comunismo primitivo.
- Éxitos militares contra a coalición absolutista e creación de “Repúblicas Irmás”.
- A burguesía apoia un goberno forte que consolide a revolución no interior e venza no exterior.

● DIRECTORIO (1795-1799)

Temos que ser governados polos mellores; os mellores son os máis instruídos e os máis interesados en manter as leis. Agora ben, con moi poucas excepcións, só poderedes atopar homes destas características entre os que posúen unha propiedade, os cales están arraigados no país onde a teñen, defenden as leis que a protexen e a tranquilidade que a conserva, e que deben a esta propiedade e á comodidade que lles proporciona a educación que lles permite discutir, con sabedoría e xustiza, as vantaxes e os inconvenientes das leis. Un país gobernado por propietarios é a orde social, un país gobernado por non propietarios é o estado da natureza.

Boissy d'Anglas á Convención, febreiro de 1796.

O CONSULADO (1799-1804)

- **1799**: GOLPE DE ESTADO de **NAPOLEÓN BONAPARTE** ⇒ Detención de opositores.
 - **CONSULADO** (3 cónsules) → Poder da oligarquía burguesa.
 - **CONSTITUCIÓN 1799**
 - Non hai declaración de dereitos
 - Sufraxio indirecto, non secreto, con listas de notables
 - Poder lexislativo real no 1º Cónsul (Napoleón)
 - Negociación cos borbónicos
 - Persecución da esquerda
 - Concordato co Vaticano
 - Realización dos logros revolucionarios
 - Intervencionismo económico.
 - 1799-1802: Guerra contra a coalición absolutista
 - Paz de Luneville con Austria (1801)
 - Paz de Amiens con Gran Bretaña (1802)
- Centralización.
Uniformización da xustiza.
Sistema fiscal.
Código Civil

O IMPERIO (1804-1814)






DAVID, J.L., *Coroación de Napoleón*

- Napoleón 1º Cónsul ⇒ **IMPERIO.**
- Guerra con Gran Bretaña
 - 1805: Trafalgar → Victoria de Gran Bretaña fronte a Francia e España.
 - 1806-1807: Bloqueo continental.
- Victorias contra Austria (Austerlitz)
- 1806- Confederación do Rhin (Estados aliados de Francia).
- Prusia e Rusia declaran a guerra a Francia → Victorias francesas
 - Paz de TILSIT (1807):
 - Prusia e Rusia deben sumarse ao bloqueo.
 - Perden territorios que quedan baixo influencia francesa.
- **1808: Guerra da Independencia en España.**
- **1812: Francia invade Rusia** → Victorias iniciais francesas ata o inverno.
 - ↳ Coalición (7ª): Gran Bretaña, Rusia, Prusia, Austria, Suecia.
 - Derrota de Francia en Leipzig (**Batalla das Nacións**, 1813).
- **1814:** FERNANDO VII recupera o trono en España.
 - Tratado de París → Restauración borbónica en Francia con LUIS XVIII.
 - Napoleón confinado en Elba.
- Regreso de Napoleón a París: **IMPERIO DOS 100 DÍAS.**
 - 1815: WATERLOO** ⇒ **Derrota definitiva**
- 2º Tratado de París
 - Perda de territorios e reparacións de guerra.
 - Napoleón desterrado a Santa Helena.

Imperio napoleónico



Desarrollo de la revolución.



Constitución de 1791.



Mapa del Imperio francés en 1812.



1815: Batalla de Waterloo



DERROTA DEFINITIVA





GOYA: *A carga dos mamelucos*

Goya



Os fusilamentos da Moncloa

Os desastres da guerra

Constitución de Cádiz, 1812

A nación española é a reunión de todos os españois de ámbolos dous hemisferios.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 4. A nación está obrigada a conservar e protexer a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen.

Art. 8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción algunha, a contribuir en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado.

Art. 12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira.

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais.

Art. 371. Todos os españois teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas sen necesidade de licencia.